

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE 2º AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO GRUPO MIXTO.**EXPEDIENTE: 2019/G003/002858**

En sesión plenaria de 2 de xullo de 2019, de organización da Corporación Local, prestouse aprobación á creación de 7 postos de traballo de persoal eventual de confianza.

Máis concretamente, no punto décimo se crearon 4 postos de persoal eventual para o Goberno e 3 postos de persoal eventual para a oposición.

Os postos para os grupos municipais da oposición (3) son 1 auxiliar para o grupo municipal popular e 2 para o grupo mixto, que serán designados polos grupos. O auxiliar do grupo municipal popular será a xornada completa e os 2 do grupo mixto, a xornada parcial do 49% cada un deles.

Con data 18-10-2019 (R.E. Núm. 20190000006237) Enrique Costas Bastero , un dos dous integrantes do grupo mixto, presenta escrito solicitando a incorporación de un dos dous auxiliares do grupo. Concretamente solicita a incorporación Marta Raquel de Castro Barbosa, [REDACTED]

Previamente, o outro concelleiro do grupo mixto, José Ramón Oulego Erroz, solicitou o nomeamento do outro auxiliar de grupo mixto, concretamente de Laura Riveiro Rodríguez. O seu nomeamento tivo lugar mediante o decreto 2286/2019.

Visto todo o que antecede, esta Alcaldía no uso das súas atribucións, mais concretamente das previstas nos artigos 21.1.h) e 104 da Lei //1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), **resolve:**

Primeiro.- Nomear persoal eventual de confianza do grupo mixto a Marta Raquel de Castro Barbosa, [REDACTED] coa categoría profesional de auxiliar administrativo.

As características son as recollidas para este posto no acordo plenario de organización de 2 de xullo de 2019. A súa xornada laboral será do 49% da ordinaria do resto do persoal municipal, sen prexuízo da súa especial dispoñibilidade segundo as necesidades do grupo municipal.

Terá unha retribución bruta anual de 10.031,91 euros, que se percibirán en catorce pagas anuais, doce ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, polo mesmo importe. As súas retribucións experimentarán a mesma modificación que a do resto do persoal municipal.

Segundo.- O nomeamento terá efectos dende o 23-10-2019, previa aceptación de Marta Raquel de Castro Barbosa,

Terceiro.- Publicar esta resolución a efectos de xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de Transparencia do Concello de Ames.

O alcalde

A secretaria

José M. Miñones Conde

Rosa Ana Prada Queipo.